

## PEZA DO MES

xuño

2005



**ARA DEDICADA AO LAR OCAELAEGO**



CAPELA DE SAN ESTEBAN DE VILARIÑO

## ARA DEDICADA AO LAR OCAELAEGO

UNHA TESTEMUÑA MÁIS DO SINCRETISMO ENTRE A RELIXIÓN ROMANA E INDÍXENA NA COMARCA DA LIMIA

Trátase dunha ara romana votiva descuberta con motivo das obras de remodelación realizadas en 1988 na capela de San Esteban do lugar de Villariño, da parroquia de Santa María Madalena, concello de Sarreaus. A peza, en compañía doutra, de menores dimensións que foi destruída, atopábase embutida na mesa do altar da referida capela; unha forma habitual usada polo catolicismo para cristianizar cultos anteriores considerados pagáns.

Realizada en granito de boa calidade, presenta un capitel decorado con estreitas faixas lisas, a modo de filetes decrecentes, rematado por un dobre moldura máis ancha, coroada por dous rolos que foron mutilados. A base de características semellantes, está máis desenvolvida, para servir de elemento sustentante.

O campo epigráfico de 37X24X20 cm., presenta o seguinte texto:

LARIOC  
AELAEGO  
Q. APANI  
CVS. CAP  
ITO. V. S.  
L. M.

LARI OC/AELAEGO/ Q(intus) APANI/CUS. CAP/ITO. V(otum). S(olvit)./ L(ibens). M(erito).

*Quinto Apanico cumpriu o seu voto ao Lar Ocaelaego de boa vontade*

Atopámonos ante unha dedicación a unha divindade tipicamente romana, como son os Lares, cun epíteto indíxena *Ocaelaego*.

Os lares, os deuses tutelares da casa, da familia e dos lugares habitados, é o culto que máis profundamente penetrou na sociedade romana. Tendeuse a representar os lares por medio de imaxes que eran mostradas nos *lararium*, capela doméstica situado no *atrium* da casa onde eran adorados por parte da familia. A partir da reforma relixiosa de Augusto, o culto vai perdendo ese carácter familiar e rústico, para converterse nun culto máis público, de tal forma que os Lares da familia imperial son adorados polo resto dos súbditos, constituíndose o culto aos Lares Augusti, ligados o culto imperial.

A introducción do culto aos *Lares Augusti* na Hispania romana, parece ser que datan, da mesma época de Augusto, tendo que esperar ata o século II d. C., para que atopemos Lares con epíteto indíxena, representando un estadio intermedio nese proceso de asimilación e osmoses entre a relixión romana e indíxena.

Este proceso de sincretismo, asimilación e *interpretatio romana* entre divindades indíxenas e romanas comezou tan pronto como os romanos chegaron a Península. E parece evidente que os cultos romanos penetraron con maior facilidade onde persistían cultos indíxenas moi semellantes aos romanos, como para asimilalos ou substituílos. O feito de que xa existira a costume indíxena de engadir un ou máis epítetos explicativos o nome das súas divindades, vai a facilitar a *interpretatio*, consistente. como é o caso que nos ocupa, en unir o nome indíxena latinizado a unha divindade romana

O epíteto OCAELAEGO, co sufixo \*aiko, debe de facer referencia a algunha propiedade ou topónimo designado por OCAELUM, por monotongación OCELUM, nome prerromano, segundo algúns autores precelta, co significado de “cume”, “monte escarpado”, “alto elevado”. O vocábulo aparece citado como topónimo, por autores clásicos como Tolomeo que o sitúa en Becerreá (Lugo), e outro no territorio dos Vetos. Tanto o Itinerario de Antonino como o Anónimo de Rávena, citan un *Ocelum Duri*, que durante moito tempo foi identificado coa cidade de Zamora. Compostos seus como *Albocela*, aparece tamén no Itinerario de Antonino, identificado historicamente con Toro, hoxe pénsanse que debe de estar en Villalazán (Zamora).

Moitas outras veces *Ocelum* e os seus compoñentes funcionan como epítetos, como é o caso desta dedicación de Vilariñofrio, en ocasións acompañando a unha divindade indíxena como *Arantius Ocelaecus* ou Arantia Ocelaeca, e outras a un deus romano como *Marti Tarbuceli*.

Si interpretamos este epíteto como tópico, e temos en conta o contexto en que se documentou a peza, o seu significado, debe facer referencia a realidade xeográfica que representa a cadea montañosa, inmediata a lugar do seu achado, que partindo da Serra de San Mamede a través de Sarreaus, as Estivadas e os montes de Cualedro, enlaza coa Serra de Larouco. Son moitos os nomes da toponimia actual de Galicia que rematan en -ozelo, -oselle, -oselo, ozela, como Oselle en Lugo, Arcucelos en Ourense, Fregoselo en Vigo etc, pero posiblemente os que resulten máis significativos e suxerintes son os de Nocelo, Codoselo,



CAMPO EPIGRÁFICO

e Lodoselo, por atoparse na zona onde se localizou a ara, na ladeira oeste desa cadea montañosa a que antes faciamos referencia.

A presenza do *tria nomina* no dedicante constitúe un feito relevante. O nome *Apanicus*, é dun indíxena latinizado co sufixo *icus*. O forma orixinal *Apanus* está moi estendido na Lusitania. A variante feminina, sonorizada pola súa posición intervocálica, *Abana*, esta documentada na inscrición das Burgas dedicada as Ninfas por *Calpurnia Abana Aeboso*.

Esta dedicación aos Lares permite completar a visión da relixión na comarca da Limia en época romana. Unha relixión que está presidida polas dedicacións a Xúpiter, único deus do panteón romano que aparece aquí sen epíteto indíxena. Séguelle en importancia as dedicacións as Lares, sempre con epíteto, e os deuses indíxenas Reve, Bandua e Nabia. Unha recente descuberta a *Matri Deum*, Cibeles, da que nos ocuparemos proximamente, enriquece este panorama coa inclusión dos cultos místicos.

Esta nova inscrición ven a engrosar o xa abundante número de resto epigráficos procedentes desta zona da provincia de Ourense, entre os que destacan, ademais dos citados, os descubertos en Nocelo da Pena dedicados aos emperadores Antonino Pio e Adriano. Todas estas pezas xunto coa abundancia de xacementos romanos e galaico-romanos, poñen de manifesto o alto grado de romanización alcanzado por este comarca do Sur da provincia de Ourense.





O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.  
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Xulio Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO